

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Téndose publicado no BOP de data 13 de outubro de 2009 anuncio relativo á derogación dos artigos 37, 38, 39 e 40 da devandita ordenanza e tamén a aprobación inicial dos artigos 37 e 38 da mesma sen que se presentaran alegacións ou reclamacións a mesma e dando cumprimento ao apartado cuarto do acordo plenario de data 24 de setembro de dous mil nove, públcase o texto da Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar coas correccións efectuadas para xeral coñecemento:

“ EXPOSICION DE MOTIVOS

A fundamentación da presente ordenanza atópase na necesidade de melloral a calidade na prestación do Servizo de axuda no fogar existente no concello de Arteixo establecendo unha nova etapa normativa, a nivel local, acorde cos contidos básicos da lei 13/2008 reguladora dos Servizos Sociais de Galicia, da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de axuda no fogar, así como da Lei estatal 39/2006 de Promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, e da súa normativa estatal e galega que a desenvolve, nas que, en canto que servizo incluído no catálogo da lei 39/2006, se sentan as bases legais dun novo marco regulador de carácter básico dos seus contidos, formas de prestación, e aspectos procedementais e organizativos, sen prexuício da autonomía local para a súa configuración concreta e xestión, a fin de crear pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal, e de garantir unha calidade e intensidade homoxénea na súa atención, así como nos criterios de participación económica da persoa usuaria no seu financiamento; así mesmo senta as bases dun marco normativo común que o unifica, en canto que servizo básico dos servizos sociais comunitarios; o que incide directamente nos aspectos esenciais da prestación do servizo, e fan que as expectativas con respecto a éste evolucionen.

CAPITULO 1: DISPOSICIÓNS XERAIS.

ARTIGO 1. OBXETO E FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

É obxecto da presente ordenanza a adaptación da regulación do Servizo de Axuda no fogar (SAF), configurado na lexislación vixente.

Esta ordenanza inscríbese dentro do ámbito de actuación da lei 13/2008 de Servizos Sociais, da lei 7/1985 reguladora das bases de rexime local, do Decreto 240/1995 de servizos sociais de atención primaria, da orde de 22 de xaneiro de 2009, reguladora do servizo de axuda no fogar, e na lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia e na súa normativa estatal e galega que a desenvolve, e demais lexislación aplicable.

ARTIGO 2. INTERPRETACIÓN

A interpretación desta ordenanza é competencia dos órganos de goberno deste Concello.

ARTIGO 3. COMPETENCIAS.

O Concello resérvase como competencia exclusiva do SAF as seguintes funcións: planificación, programación e dirección técnica do servizo; coordinación, seguimento, supervisión e control do SAF; así como a selección da persoa usuaria e a aprobación de altas, baixas e modificacións do servizo.

En todo caso, a sede oficial estará ubicada nas dependencias do Concello de Arteixo.

CAPITULO 2: DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

ARTIGO 4 . DEFINICIÓN E OBXETIVOS DO SERVIZO.

1. O servizo de axuda no fogar ten por obxeto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.
2. Son obxetivos do servizo de axuda no fogar:
 - a. Mellorar a calidade das persoas usuarias.
 - b. Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
 - c. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
 - d. Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
 - e. Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
 - f. Retardar ou evitar a institucionalización.
 - g. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

ARTIGO 5. CONTIDO DO SERVIZO.

1. Como norma xeral:

1. As atencións prestadas teran un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato. Nunca se prestarán atencións que poidan desenvolver por si mesmos, de maneira que se promova a súa autonomía.
2. Para a realización destas atencións a persoa usuaria deberá dispor dos medios necesarios, como alimentos, artigos de hixiene e de limpeza, electrodomésticos esenciais, etc.
3. As saídas fora do domicilio, realizaránse con medios propios do usuario, facendo a persoa auxiliar de axuda a domicilio, funcións de acompañamento non de traslado.
4. A persoa usuaria terá que estar presente no domicilio mentres se lle preste o servizo. Non se prestará o servizo, cando a persoa usuaria non se atope neste.
5. O servizo prestaráse unicamente no domicilio da persoa usuaria, excluindo a asistencia a outros domicilios e a hospitais por ingreso desta.
6. Con carácter xeral, non se levará a cabo ningunha atención que non vaia dirixida á persoa usuaria, nin aínda para persoas que convivan no mesmo domicilio, e que non fora concretada expresamente na concesión do servizo.
7. A prestación do SAF queda condicionada á aceptación por parte da persoa usuaria e da súa unidade de convivencia que se recollerá no documento Acordo, no que se especifican o contido do servizo, días e horario de atención, persoa auxiliar de axuda no fogar asignada, as obrigas e os deberes, e os motivos de suspensión, extinción modificación, e a contribución económica que pudiera corresponder.
8. Enténdese que durante a prestación do servizo a entidade prestadora (sexa o concello ou a empresa adxudataria) poderá realizar cambios de auxiliar, de horario e de día, en base a unha boa organización do mesmo, así como cambios nas tarefas a realizar sempre que fose necesario, estando igualmente vixente o Acordo de Aceptación.
9. Se a persoa usuaria rexeita a persoa auxiliar que se lle asigne sen razón suficientemente xustificada, pasará a lista de espera ata nova valoración.

10. As queixas ou suxerencias presentaránse ante o concello ou a entidade prestataria, e nunca tentarán resolverse ca persoa auxiliar de axuda a domicilio.

11. En ningún caso poderan formar parte das atencións prestadas polos servizo:

- a. A realización de actividades domésticas que no fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos nesta ordenanza.
- b. Atencións que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- c. En especial quedan excluídas:
 - i. As tarefas de tipo puntual e extraordinario, como limpeza de altos, lámparas, cortinas, zonas exteriores, teitos, paredes e humidades; limpeza xeral, de cristais e azulexos; limpeza de zonas comunitarias, portais e escaleiras.
 - ii. Limpeza de estancias valeiras da casa.
 - iii. Limpeza da vivenda que non estea directamente relacionada ca atención da persoa usuaria, sempre que conviva con outras persoas.
 - iv. Limpezas de zonas comúns que sexan usadas por outros membros da familia.
 - v. Tarefas de tipo agrícola-gandeira nin labores de xardiñería.
 - vi. Alimentación e aseo de animais de compañía ou domésticos, nin doutro tipo, en especial, restos como excrementos, de comida.
 - vii. Facer arranxos de certa entidade na vivenda, que requira a intervención dun profesional (pintar un teito, empapela-las paredes...).

2. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. **Atención de carácter persoal na realización das actividades básicas** da vida diaria, tales como:
 - Asistencia para levantarse e deitarse.
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - Apoio a persoas afectadas por incontinencia.
- b. **Atención de carácter persoal na realización doutras actividades** da vida diaria, tales como:
 - Acompañamento fora do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.
- c. **Atención de necesidades de carácter doméstico e da vivenda**, tales como:
 - Limpeza e mantemento básico da hixiene e salubridade da vivenda: a limpeza do domicilio só contemplará a limpeza de diario para mantemento da vivenda de uso persoal, como limpalo po, pasala vasoira, fregalo chan, e facer a cama.
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación de alimentos.
 - Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - Coidados básicos da vivenda: cambio de bombillas, de pilas.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo:

Intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade ou, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Este tipo de atención concretarase: modificacións de hábitos e costumes inaxeitados referentes a hixiene, orde e limpeza, organización e administración do orzamento familiar, organización doméstica, motivación á participación en actividades sociais, apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar, axuda para a relación co entorno.

3. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar podera incorporar entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c. Adaptacións funcionais do fogar.
- d. Servizos de podoloxía.
- e. Servizos de fisioterapia.

4. Poderá integrarse, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que incida de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida, de acordo coa prescripción técnica sobre o contido do servizo.

CAPITULO 3: DA PERSOA DESTINATARIA.

ARTIGO 6. PERSOAS DESTINATARIAS.

1. O servizo de axuda no fogar está aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

De xeito particular, o servizo atenderá:

1. Persoas maiores con déficit de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente, cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
2. Fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.
3. Tamen poderan dar unha resposta preventiva e socializadora, a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

ARTIGO 7. REQUISITO XERAL DA PERSOA DESTINATARIA PARA O ACCESO AO SERVIZO:

Son requisitos xerais para ter acceso ao servizo, sendo motivo de denegación:

1. Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no Concello de Arteixo.
2. Estar dentro dalgún dos grupos de persoas destinatarias do artigo anterior. Neste caso, será exixible que se cumpra un destes supostos:

- a. Estar incapacitado para a realización das atencións para as que se demanda o servizo, polo que se deberá acadar a puntuación mínima esixida según o baremo establecido a tal fin, como anexo a esta normativa.
 - b. Estar valorado como dependente pola Xunta de Galicia en calquera dos seus grados segundo a disposición final primeira da lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención das persoas en situación de dependencia, e ter asignado o servizo de axuda no fogar na correspondente RESOLUCION do Programa individual de atención, conforme o establecido no Decreto 176/2007.
 - c. Estar incluído nalgún programa de intervención social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que na súa vez actuaran como profesional de referencia para a persoa usuaria e a súa unidade de convivencia.
3. Presentar a documentación completa, xunto coa solicitude, no Rexistro xeral do Concello acreditando a situación de necesidade do servizo, así como ca súa renovación anual.
 4. Que o recurso sexa valorado como idóneo polo departamento de servizos sociais do Concello mediante informe social e dictame-proposta.
 5. Asinalo correspondente Acordo de servizo, no que a persoa usuaria acepta a cumpri-las obrigas inherentes ao servizo, incluído o pago das cantidades que, no seu caso, lle pudera corresponder.

Si transcurridos 3 meses dende a notificación de resolución favorable sen que a persoa usuaria ou persoa en quen delegue, se poña en contacto para a formalización do Acordo de servizo, procederáse ó arquivo da súa solicitude.

6. Residir nunha vivenda que teña as condicións de habitabilidade mínimas, que posibiliten a prestación do servizo nunha condicións hixiénicas aceptables.
7. Non ter dereito a recibir un servizo similar de ningunha outra entidade pública ou privada (MUFACE, ISFAS, ONCE, CARITAS, ECT).
8. Non presentar un estado de deterioro físico nin psíquico tal que precise doutro tipo de atención especializada asistida ou de internamento, nun centro residencial axeitado.

As persoas usuarias do servizo que no momento da solicitude ou no transcurso do devandito, se valore que para cubrir a súa necesidade, o recurso axeitado sexa un Centro de día ou unha Residencia, tanto na modalidade de autónomos como de dependentes, quedan condicionados a xestionar dito recurso nun período de tres meses, salvo aqueles nos que algún familiar ou persoa achegada se comprometa por escrito a asumir o coidado nas horas non cubertas polo servizo. O non cumprimento de dito compromiso dará lugar a extinción do servizo, así como podería redundar en prexuício das persoas que por Lei teñan obriga de prestar coidados á persoa usuaria (artigo 143 do código civil).

No caso da persoa usuaria da modalidade de libre concurrencia que cumprindo cos requisitos exixidos nos apartados anteriores, teñan familiares obrigados por lei a atendelos (artigo 143 do código civil) e que se negan a facelo, a valoración dos servizos sociais será decisiva na súa concesión ou denegación sen entrar a valorar as restantes requisitos que deba cumpri-la beneficiaria. Neste caso, deberá demostrarse que residen lonxe, sempre que supoña unha media de 20 quilómetros de distancia do domicilio, ou que non poden atendelos tanto a nivel persoal –por saúde, traballo, ou cargas familiares–, sempre que supoña unha ausencia de 10 horas do domicilio, ou económico.

ARTIGO 8. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

ARTIGO 9. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

O incumprimento inxustifico e non comunicado, dalgun destes deberes por parte da persoa usuaria, poderá implicar a suspensión temporal ou extinción da prestación do servizo.

CAPITULO 4: DA PRESTACION DO SERVIZO.

ARTIGO 10. CAUSAS DE EXTINCION E MODIFICACION DO SERVICIO

A extinción ou modificación das condicións requirirá a resolución do Órgano competente, previa instrución do correspondente expediente administrativo, no que quede acreditada a causa que a motivou, e no que se considerará a figura da suspensión cautelar.

A extinción conleva a perda de condición de persoa usuaria do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso idoneo e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d. Falecemento da persoa usuaria.
 - e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo, entendendo a reincidencia da infracción en dúas ocasións durante o ano.
 - f. A falta reiterada de pagamento do servizo, entendendo por tal, o impago de dúas mensualidades consecutivas no ano natural.
 - g. A negativa de firmar o Acordo de aceptación do servizo.
 - h. A suspensión temporal do servizo que supere o período de tres meses.
 - i. Desaparición das causas baremables que motivaron a prestación do servizo.
 - j. Por reorganización do servizo, en función das dispoñibilidades orzamentarias do exercicio.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, podera dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante novo informe social.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención (PIA), consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

ARTIGO 11. CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVICIO.

A suspensión do SAF supora unicamente que a persoa usuaria terá reservada a praza durante o tempo que dure a mesma.

No caso de que a persoa usuaria teña dereito a reserva de praza, non se manterá o horario inicial nin a persoa auxiliar que efectuaba as atencións, quedando a expensas da dispoñibilidade do servizo.

O período máximo de suspensión será de tres meses.

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente personal as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo podera suspenderse por un maximo de 3 meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que o motivan e o periodo da súa ausencia.

2. Modificación temporal das causas baremables que motivaron a necesidade do servizo: podera suspenderse o servizo en tanto persista o cambio das circunstancias baremables causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

ARTIGO 12. FORMA DE PRESTACION DO SERVIZO:

1.O servizo publico de axuda no fogar prestarao a entidade local, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos publicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector publico, a traves de entidades privadas debidamente autorizadas.

2. Ademáis, sen prexucio do establecido no número 1 deste artigo, os servizos poderan ser prestados mediante formulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito publico, de acordo co establecido na lexislacion vixente.

En todo caso terase en conta o artigo 3 desta ordenanza, sobre reserva de competencias exclusivas do Concello.

ARTIGO 13 . NORMAS XERAIS DO FUNCIONAMENTO:

1.- O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.

No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor a 50, o persoal tecnico mínimo exixible sera de 0,02 profesionais en computo por persoa usuaria. Nos demais casos aplicaráse a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 persoa técnica titulada a xornada completa
100 a 199	2 persoas técnicas tituladas a xornada completa
200 a 399	3 persoas técnicas tituladas a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 persoa técnica titulada a xornada completa

2.- O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía deberá estar en posesión do titulo de formación profesional de grao medio de Atención Sociosanitaria a Personas no Domicilio, ou equivalente, regulado no Real decreto 295/2004, ou en posesión do certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Personas no Domicilio, ou equivalente, regulado polo Real Decreto 1379/2008, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.

3.- A entidade contará e expoñerá públicamente o regulamento de funcionamento do programa, no que se incluírá os mínimos exixibles no artigo 12º, apartado 3, da Orde de 22 de xaneiro de 2009.

4.- A entidade local titular do servizo de axuda no fogar, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta, e , de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- a) Un informe social, asinado por unha persoa diplomada en traballo social da entidade titular do servizo.
- b) un proxecto de intervención, asinado pola persoa técnica responsable que designe a entidade titular do servizo, que recollera como mínimo o contido do anexo II desta ordenanza.
- c) Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria, que recollerá como mínimo o contido do modelo do anexo III desta ordenanza.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

5.-A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses.

Da supervisión realizada quedará constancia escrita no correspondente expediente individual.

Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

ARTIGO 14 . FUNCÍONS E COMPETENCIAS DA PERSOA TÉCNICA RESPONSABLE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

A persoa técnica responsable do servizo, desempeña unha labor de carácter técnico de:

1. Receptora da demanda.
2. Estudio e valoración da situación de necesidade presentada.
3. Deseño do proxecto de intervención axeitado á situación presentada.
4. Responsable do seguimento e avaliación das situacións atendidas.

Son competencias desta:

1. A planificación e a programación do servizo, no marco dos servizos sociais municipais.
2. A avaliación técnica de cada solicitude.
3. O establecemento de obxetivos e mais do correspondente proxecto de intervención
4. A elevación de propostas de resolución ao órgano municipal de goberno competente para a súa resolución.
5. A coordinación e avaliación continua dos casos atendidos ca persoa técnica responsable da entidade adxudicataria, no caso de xestión indirecta do servizo.

ARTIGO 15. FUNCÍONS E COMPETENCIAS DA PERSOA TÉCNICA RESPONSABLE DO SERVIZO DA EMPRESA ADXUDICATARIA.

No caso de xestión indirecta, son funcións da persoa técnica da empresa adxudicataria, a de:

1. Receptora da Orde de Alta no servizo de axuda no fogar.
2. Planear a estratexia a seguir e asignar a persoa auxiliar de axuda no fogar mais axeitada a cada situación.
3. Seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias frecuentes.
4. Presentar periódicamente os informes de seguimento das situacións atendidas, á persoa técnica responsable do servizo do Concello, nos que constaran as incidencias máis significativas, así como posibles causas baremables de suspensión, extinción ou modificación do servizo atendido, cando menos, cada dous meses.
5. Manter xuntanzas periódicas coas persoas auxiliares de axuda no fogar, e ca persoa técnica responsable do servizo do Concello, a fin de supervisar e avaliar o traballo realizado.

6. Reforzar a formación e a reciclaxe continua das auxiliares de axuda no fogar.

A entidade privada non podera subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. No obstante, poderánse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

ARTIGO 16. FUNCIÓN E COMPETENCIA DO ÓRGANO DE GOBERNO

E competencia da Alcaldía, a aprobación ou denegación, logo da proposta da persoa técnica responsable do servizo, das altas e baixas das persoas usuarias do SAF, así como modificación das condicións tidas en conta para a súa concesión.

ARTIGO 17. FUNCÍONS E COMPETENCIAS DA PERSOA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

A persoa auxiliar de axuda no fogar, como profesional que desempeña as tarefas de atención directa ca persoa usuaria e ca súa unidade de convivencia no seu domicilio, son funcións súas:

- 1.-A asistencial, de atención persoal e doméstica, asignada no proxecto de intervención.
- 2.-A formativa, facendo participe a persoa usuaria do seu proceso de vida e non substituíndoa, naquelas tarefas da actividade básica e instrumental diaria que poida realizar por si mesma, favorecendo a normalización no funcionamento do fogar, na súa autonomía persoal, e no contacto co seu contorno inmediato.
- 3.-Actuar de enlace entre a persoa usuaria e as persoas técnicas responsables do servizo.
- 4.-Colaborar cas persoas técnicas responsables do servizo, no seguemento e avaliación da situación atendida.

É competencia da persoa auxiliar de axuda no fogar, a execución do proxecto de intervención elaborado e supervisado pola persoa técnica responsable do servizo.

ARTIGO 18. FUNCÍONS DOS OUTROS PROFESIONAIS DOS PROGRAMAS BÁSICOS DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestructuración familiar, ou de situación en risco de exclusión social, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, persoal técnico en posesión, como mínimo, da cualificación de persoa técnica superior en integración social, persoa diplomada en educación social ou persoa diplomada en traballo social, que estean adscritos aos outros programas básicos da entidade local, e que intervirán como persoal de referencia da persoa usuaria e da súa unidade de convivencia, e do seu proxecto de intervención.

ARTIGO 19. DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

Na prestación do servizo, ademáis do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.

ARTIGO 20. DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O control, fiscalización e seguimento do SAF realizarao o Concello a través da Alcaldía ou da persoa en quen delegue, que supervisará a prestación do mesmo, recibindo suxestións e queixas que poidan derivarse deste, tanto por parte da persoa usuaria como da persoa auxiliar de axuda no fogar proponiendo fórmulas de corrección que estime oportunas.

O concello terá a disposición das persoas usuarias do servizo un libro de reclamacións.

ARTIGO 21. DA COORDINACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Tódalas intervencións das persoas auxiliares de axuda no fogar serán programadas, coordinadas e supervisadas polas persoas técnicas responsables do servizo, que se prestarán en colaboración co persoal técnico dos outros servizos e programas básicos dos servizos sociais comunitarios da entidade local titular do mesmo, e de outros de protección social.

ARTIGO 22. DEBERES DOS PROFESIONAIS DO SERVIZO:

Son deberes dos profesionais do servizo os que seguen, sendo o seu incumprimento posible motivo de sanción administrativa e de suspensión ou extinción do servizo:

1. trato será sempre de respecto, evitando que a confianza ca persoa usuaria e ca súa unidade de convivencia interfira no traballo.
2. Respetar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.
3. A persoa auxiliar de axuda no fogar non fará participe á persoa usuaria e á súa unidade de convivencia, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
4. Respetarase integramente o horario e as tarefas establecidas e non se realizará cambios sen a autorización da persoa técnica responsable.
5. A persoa auxiliar de axuda no fogar non fará traballos a outros membros da familia distinta da persoa usuaria, aínda que convivan na mesma casa, sen prexuício de propoñer á persoa técnica responsable as medidas que estime oportunas, no caso de situacións de déficit de autonomía.
6. A persoa auxiliar de axuda no fogar non fará a prestación do servizo fóra das horas estipuladas para cada persoa usuaria.
7. A persoa auxiliar de axuda no fogar non irá a buscar a persoa usuaria a un lugar distinto que non sexa o seu domicilio habitual excepto autorización da persoa técnica responsable do servizo.
8. En caso de ausencia da persoa auxiliar de axuda no fogar, deberase comunicar con antelación á persoa usuaria e á persoa técnica responsable do servizo.
9. Non recibirá en custodia cartos, xoias nin outros obxectos de valor.
10. Non recibirá ningún tipo de prestación, bonificación, regalo e gratificación (cartos, regalos, etc) por parte da persoa usuaria.
11. Non acudirá ao lugar de traballo en compañía de persoas alleas ao servizo.
12. Non disporá de chaves de ningún domicilio, salvo autorización da persoa técnica responsable do servizo e da persoa usuaria.
13. Non permanecerá soa no domicilio en ausencia da persoa usuaria sen autorización previa da persoa técnica responsable do servizo e da persoa usuaria.
14. Comunicar todo tipo de incidencias que se produzan durante a prestación do servizo.
15. Comunicar todo tipo de variacións baremables da situación orixinaria que motivou prestación do servizo.
16. Participar nas accións formativas de reciclaxe profesional e nas xuntanzas programadas, a fin de melloralas calidade na prestación do servizo.

CAPITULO 5: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO.

ARTIGO 23. MODALIDADE DE ACCESO AO SERVIZO:

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, tamén chamados servizos sociais comunitarios pola nova lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, de acordo cas seguintes modalidades:

1.- O acceso ao servizo será directo para presoa que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención (PIA), conforme o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2.- Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo de prescripción técnica favorable dos servizos sociais comunitarios, resolveráse en réxime de libre concurrencia de acordo cos criterios establecidos na normativa reguladora do programa, e no artigo 7 desta ordenanza municipal.

3- De igual maneira á expresada no punto anterior procederáse na situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

4.- Nos supostos recollidos nos números 2º e 3º deste artigo emprégase un baremo en que, ademais dos posibles deficits de autonomía se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

ARTIGO 24. MODALIDADE DE ACCESO EN LIBRE CONCURRENCIA:

No SAF a intervención realízase dun xeito personalizado, en función das situacións de necesidade presentada pola persoa usuaria ou da súa unidade de convivencia, no que se refire ao deseño e execución do tipo de atencións que se prestará, as horas de atención, e duración da prestación, se é o caso.

Isto require dun estudo profesional da persoa diplomada en traballo social con respecto a estas situacións, co obxecto de proporcionar os servizos disponibles que mellor se adecuen, en función de:

1. Autonomía persoal para a realización de actividades básicas e instrumentais da vida diaria (ABVD y AIVD).
2. Situación persoal e de convivencia.
3. Aspectos sociais que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida como o apoio social, a situación da vivenda, e outros.
4. Capacidade económica da persoa usuaria e da súa unidade de convivencia.

Para poder obxetivar, valorar e ordenar as solicitudes de SAF, utilizaráse un sistema de Baremación (Anexo 1), no que se puntuarán os aspectos de autonomía persoal (FACTOR-1) para as persoas con recoñecemento oficial de discapacidade ou con dependencia, e FACTOR -1.1 para o resto das persoas con déficit de autonomía persoal; apoio social (FACTOR 2); situación familiar/socialización menores (FACTOR 3); e outros aspectos que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida (FACTOR 4).

A variable de Autonomía persoal para as actividades básicas da vida diaria e a variable de Apoio social, considéranse esenciais para o acceso ao servizo, de forma que se o solicitante non acadase a puntuación mínima exigida nos FACTOR 1, FACTOR 1.1, e FACTOR 2 que figuran no anexo 1 desta ordenanza, non poderá acceder ao mesmo. A outras variables considéranse complementarias e servirán para fixar a orde de acceso ao servizo:

1. No caso de persoas usuarias onde a situación de necesidade é o déficit de autonomía persoal, para esta modalidade de libre concurrencia, deberá acadar a puntuación mínima de 5 puntos segundo o FACTOR 1 e FACTOR 1.1 de autonomía persoal e 5 puntos para o FACTOR 2 de apoio social.
2. No caso de persoas usuarias ou unidades de convivencia onde a situación de necesidade non está directamente vinculada a déficits de autonomía persoal, – fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención socioeducativa, ou situación de familias en risco de exclusión social-, estarase ao disposto pola persoa técnica responsable adscrita ao programa básico de servizos sociais comunitarios do Concello, quen interviña como persoa de referencia para persoa usuaria e a súa unidade de convivencia, e do seu proxecto de intervención, no servizo.

ARTIGO 25. LISTA DE RESERVA.

Con carácter xeral, no caso de que o servizo de axuda no fogar non conte con capacidade suficiente para atender toda-las situacións de necesidade susceptibles do servizo, elaboraráse unha lista de reserva á que se accederá pola orde de puntuación acadada nos baremos aplicados, considerando sempre prioritario as persoas valoradas con déficit de autonomía para as actividades básicas da vida diaria.

En caso de igualar a puntuación obtida, na modalidade de libre concurrencia terá prioridade o rexistro de entrada no concello de Arteixo, e no caso de persoas valoradas como dependentes, a data de resolución do Plan individual de atención (PIA). A puntuación final acadada asignará o número de orde que lle corresponda en dita lista de reserva.

Se unha persoa solicitante supérase o ano na lista de reserva, antes de proceder á súa alta como persoa usuaria do SAF, será perceptiva unha nova avaliación da situación.

ARTIGO 26. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO.

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por unha persoa profesional do equipo técnico dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.
2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
3. No acceso en libre concurrencia será de aplicación o seguinte:
 - a. O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das admministracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta ordenanza.
 - b. Cando existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente, así o xustificuen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
 - c. As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por unha persoa diplomada en traballo social do servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe social preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
 - d. O órgano competente para ditar a resolución será a Alcaldía, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais de atención primaria e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no Acordo de servizo regulado no artigo 13 desta ordenanza.
5. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada de Alcaldía ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais de atención primaria e sen prejuicio da posterior instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 27. DO TRÁMITE DE URXENCIA

Enténdese por situación extrema e urxente necesidade, aquela que, presentada de súpeto e non prevista, supón grave perigo para a vida da persoa usuaria por desatención, como son as altas hospitalarias sen rede de apoio, e ingresos hospitalarios da persoa coidadora habitual.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse máis dun mes sen que medie resolución favorable expresa. De non aportar a documentación no seu tempo, sen causa motivada, procederáse ao seu arquivo.

ARTIGO 28. DA RENOVACIÓN DO SERVIZO.

Para a renovación anual do servizo, a persoa usuaria deberá presentar a documentación establecida, dentro dos primeiros quince días naturais do mes que cada ano se estabreza, a fin de determinar se cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. De non aportar a documentación requerida, sen causa motivada, procederáse ao seu arquivo.

ARTIGO 29. DO INICIO DO SERVIZO

O prazo de inicio da prestación será non superior a 5 días como máximo despois da súa resolución, no caso de altas con carácter urxente o prazo será de 24 horas.

ARTIGO 30. DA DURACIÓN DO SERVIZO.

A duración mínima de concesión será de 15 días. Naqueles casos en que non poida concretarse a duración, utilizaráse o termo “ por determinar”.

ARTIGO 31. DO PRAZO DE SOLICITUDE DO SERVIZO.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

ARTIGO 32. DA DOCUMENTACION A APORTAR:

A documentación que acompaña a solicitude, será a que segue:

1. DNI da persoa usuaria e das persoas que convivan habitualmente no domicilio, no seu defecto, documento oficial acreditativo analogo.
2. Libro de familia que acredite parentesco.
3. Informes médicos recentes.
3. Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Arteixo.
4. Certificado de discapacidade e /ou certificado do grado de dependencia, de ser o caso.

5. Tarxeta sanitaria da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo.

6. Certificado positivo ou negativo de pensión coñecida, calquera que sea a súa orixe, da persoa usuaria e do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan económicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.

7. Certificado positivo ou negativo de imputación de rendas do derradeiro exercicio da persoa usuaria e do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan económicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.

8. Certificado positivo ou negativo de imposto de patrimonio da persoa usuaria e no seu caso do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan económicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.

9. Calquera outro documento que se considere necesario para a baremación da solicitude e que teña relación cos aspectos valorados na mesma.

ARTIGO 33. INTENSIDADE NA PRESTACION DO SERVIZO.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social técnico expresado no artigo 26.

2. A intensidade do servizo de axuda no fogar par as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación será flexible e conforome co proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de CARÁCTER PERSOAL na realización das actividades BÁSICAS da vida diaria, realacionadas co artigo 5.2.a.

todos os días da semana, tendo en conta a seguinte táboa:

1. FOGAR COMO RECURSO IDONEO:

Grado I	Nivel 1-entre 20 e 25 horas. Nivel 2- entre 25 e 30 horas.
Grado II	Nivel 1-entre 30 e 40 horas Nivel 2- entre 41 e 55 horas.
Grado III	Nivel 1- entre 55 e 70 horas Nivel 2- entre 71 e 90 horas.

2. AXUDA NO FOGAR COMO RESPIRO DA PERSOA COIDADORA FAMILIAR.

Grado II	Nivel 1 Nivel 2- 15 horas
Grado III	Nivel 1-20 horas Nivel 2-30 horas.

3. Nos restantes casos a intensidade do servizo vira determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

ARTIGO 34. INTENSIDADE DO SERVIZO PARA A MODALIDADE DE ACCESO EN LIBRE CONCURRENCIA.

Para a modalidade de acceso en libre concurrencia:

O tempo de atención e a periodicidade do servizo determinaránse en cada caso pola necesidade que presente cada unha das solicitudes, a criterio profesional da persoa

diplomada en traballo social, responsable do servizo do Concello, que poderá modificarse en función das variacións que se produzan nas situacións persoais e familiares baremables, ou por necesidade de organización do servizo, que en todo caso deberá notificarse a persoa usuaria cunha antelación mínima dun mes.

Para esta modalidade, establécese como franxa horaria de prestación:

A. Horario de atención ao público sera de lúns a venres de 9h a 14h. no centro de servizos sociais do concello de Arteixo.

B. Horario de prestación do servizo no fogar sera de luns a venres, de 7h a 21h, excluído as fins de semana e festivos, nas seguintes condicións:

1. O servizo prestaráse cun máximo de 20 horas ao mes, sempre que a persoa usuaria non teña recoñecido o grado de dependencia, e a resolución do PIA.

2. Prestaráse un máximo de catro asistencia diarias, cunha fracción mínima de quince minutos por cada unha delas e máxima de unha hora e media, podendo aumentar unha fracción de quince minutos, logo de valoración técnica (1h e 45 minutos).

3. No día non se pode superar as 2 horas diarias de atención.

ARTIGO 35. INTENSIDADE DO SERVIZO NO CASO DE SÓLO DEFICIT DA AUTONOMIA PARA AS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS NA VIDA DIARIA (ATENCIÓN DE CARÁCTER DOMÉSTICO).

Cando o servizo se deba unicamente a déficits da autonomía para actividades instrumentais da vida diaria, entendéndose atencións de carácter doméstico, o número de horas quedará limitado a un máximo de 12 horas mensuais; a 1 hora diaria, podendo aumentar unha fracción de trinta minutos, logo da valoración técnica (1 h e 30 minutos); a unha asistencia no día; e no horario de atención que dispoña o servizo. Non se prestará fins de semana nin festivo.

O horario de mañá resérvase para as atencións de carácter persoal.

ARTIGO 36. FINANCIAMENTO.

O servizo de axuda no fogar financiaráse a través de achegas que o Concello de Arteixo consigne anualmente no seu orzamento; As subvencións que concedan a Xunta de Galicia; a Deputación provincial ou calquera outro organismo oficial; As achegas que faga a persoa usuarias de acordo ca ordenanza fiscal municipal reguladora do prezo público pola prestación do servizo, que estabrecerá o sistema de contribución ao financiamento por parte desta en función da súa capacidade económica; e as Achegas que poidan facer outras institucións de carácter privado.

ARTIGO 37.DETERMINACION DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderáse como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularáse de acordo ca ordenanza fiscal municipal reguladora do prezo público pola prestación do servizo.

ARTIGO 38. NORMATIVA SUBSIDIARIA.

En todo caso, no non disposto nesta ordenanza ateráse ao establecido na lexislación aplicable.

DISPOSICION DEROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza reguladora do Servizo de axuda a domicilio aprobado no Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 29 de maio do 1997 (BOP de Coruña número 232, do 9 de outubro de 1997).

ENTRADA EN VIGOR.

Este regulamento entrará en vigor conforme ao establecido no artigo 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local.

ANEXO 1.

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA:

FACTOR - 1: AUTONOMÍA PERSOAL 1. (máximo total 40 puntos).

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa, debendo acadarse un mínimo de **5 puntos** para o acceso ao servizo, no caso de ser a situación de necesidade a derivada de déficit na autonomía persoal:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DE AUTONOMÍA PERSOAL									
DE	DE	75% -100%		81% - 87%		88% - 93%		94% -100%	Grao de discapacidade en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
33%	65%								Grao de discapacidade + axuda de 3ª persoa . ATP (R.D. 1971 / 1999)
A	A	75%-100% discapacidade e ata 14 puntos ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 puntos ATP		75%-100% discapacidade e 30-44 puntos ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 puntos ATP	Grao de discapacidade + axuda de 3ª persoa . Puntuación BVD (R.D. 504 / 2007)
64%	74%								Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
DE	DE								
DISCAPACIDADE	DISCAPACIDADE	75% discapacidade e ata 24 puntos BVD	25 - 39 puntos BVD	40 - 49 puntos BVD	50 - 64 puntos BVD	65 - 74 puntos BVD	75 - 89 puntos BVD	90 - 100 puntos BVD	
			Grao I, Nivel 1	Grao I, Nivel 2	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 2	
5 PUNTOS	10 PUNTOS	14 PUNTOS	20 PUNTOS	24 PUNTOS	30 PUNTOS	32 PUNTOS	38 PUNTOS	40 PUNTOS	PUNTUACIÓN NIVEL DE AUT. PERSOAL

TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL

FACTOR 1.1: AUTONOMIA PERSOAL 2

No caso de non valoración polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia, a asignación do valor en función do factor

“autonomia persoal” realizarase de acordo cas seguinte taboas, na que só se poderá marcar a opción que mais se aproxime á condición da persoa usuaria:

Persoas que son consideradas independentes para os actos da vida diaria aínda que teñan algunha limitación e se axuden de bastón ou de muletas para realizar os actos sos:	(0,50).
Persoas que precisan de axuda ou supervisión durante a realización dos actos da vida diaria:	(1,50).
Persoas, na que os actos da vida diaria son feitos na súa totalidade por outras persoas:	(2,50).

A. GRADO DE CAPACIDADE FUNCIONAL PARA AS ACTIVIDADES BASICAS DA VIDA DIARIA (maximo 15 puntos):

Esta variable fai referencia ao grado de habilidade e autonomía que dende o punto de vista físico, psicolóxico e funcional presenta a persoa usuaria para levar a cabo as actividades BASICAS da súa vida diaria ao longo dos últimos 7 días, debendo acadar un mínimo **de 5 puntos** para o acceso ao servizo, no caso de ser a situación de necesidade derivada por este motivo.

1. COMER (inclúe comer con calquer método, incluído con sonda nasogástrica)

Independente: o fixo soa (0,50)	
Axuda: o fixo con axuda e supervisión doutra persoa totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

2. HIXIENE PERSOAL E BAÑARSE (manten a propia hixiene, incluíndo peitearse, cepillarse os dentes, afeitarse, maquillarse, lavar e secala cara, as máns; como toma a persoa usuaria a ducha ou o baño, se move dentro /fóra da bañeira ou da ducha, lava a cabeza e as costas)

Independente: o fixo soa (0,50)	
Axuda: o fixo con axuda e supervisión doutras persoas totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

3. VESTIRSE (prepara a roupa, saca do armario, a pon, a quita, a viste, abrochase, quita toda a roupa de saír á rua, incluído quitar e poñer protese)

Independente: o fixo soa (0,50)	
Axuda: o fixo con axuda e supervisión doutra persoa totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

4. USO DO ASEO (comprende o uso do ouriñal de asento, cuña, ect: como se levanta e se senta, como se lava despois, cambia os absorbentes, manexa a sonda ou a colostomía, e axusta a roupa)

Independente: o fixo soa (0,50)	
Axuda: o fixo con axuda e supervisión doutra persoa totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

5. INCONTINECIA (urinaria e fecal)

Independente: control total de esfínteres (0,50)	
Axuda: incontinencia ocasional/temporal, precisa de sonda/colector (1,50)	
Dependente: incontinencia total de día e de noite (2,50)	

6. MOBILIDADE/TRANSFERENCIAS/DEAMBULACION (mobilidade na cama: móvese dende ou cara a posición de tombado, dá a volta dun lado ao outro e cambia de posición; Móvese entre superficie cara a /desde: cama-cadeira, cadeira de rodas, posición de pe; Móvese entre o seu cuarto e o corredor contiguo do seu mesmo piso; como subiu e baixou as escaleiras; Se usa cadeira de rodas se é INDEPENDENTE unha vez sentado)

Independente: camiña só, con muleta/bastón. Deitase/érguese da cama so.	
-------------------------------------------------------------------------	--

Sube e baixa escaleiras só. (0,50)	
Axuda: necesita axuda parcial doutra persoa ou de supervisión para camiñar, deitar, erguer, subir e baixar (1,50)	
Dependente: precisa de axuda total para desprazarse e mobilizarse (2,50)	

B. CAPACIDADE FUNCIONAL PARA AS ACTIVADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA (maximo 15 puntos).

Esta variable fai referencia ao grao de habilidade e autonomía que dende o punto de vista físico, psíquico e funcional presenta a persoa usuaria para levar a cabo as actividades INSTRUMENTAIS da súa vida diaria ao longo dos últimos 7 días, debendo acadar un mínimo de **5 puntos** para o acceso ao servizo, no caso de ser a situación de necesidade a derivada por este motivo.

1. LIMPAR E FREGAR A CASA e LAVAR, TENDER E PASAR O FERRO A ROUPA (como amaña a casa de maneira ordinaria: facela cama, limpalo po, ordenala casa, lavalas roupa)

Independente: fixoo soa. (0,50)	
Axuda: realizado con axuda totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

2. COCIÑAR E FREGAR OS PRATOS (como planificacou o menú, cociñou, puxo a mesa)

Independente: fixoo soa. (0,50)	
Axuda: realizado totalas veces con axuda(1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

3. REALIZAR COMPRAS NAS TENDAS DA VILA (como se fai a compra de alimentos e produtos de uso común para o fogar: selecciona o que se vai comprar, manexa o diñeiro de forma correcta).

Independente: fixoo soa. (0,50)	
Axuda: fixoo con axuda totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

4. REALIZAR XESTIÓNS, IR AO MÉDICO, BANCOS, MANEXO DO DIÑEIRO, ETC (como paga as facturas, leva as contas, valora os gastos da casa).

Independente: fixoo soa (0,50)	
Axuda: realizado con axuda totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outros (2,50)	

5. TOMA DE MEDICAMENTO (como controla a medicación: recordar o tomala, abre los frascos, toma a dose correcta).

Independente: fixoo soa. (0,50)	
Axuda: realizado con axuda totalas veces (1,50)	
Dependente: feito por outros (2,50)	

6. MANEXAR APARATOS DE CALEFACCIÓN, AUGA QUENTE, INTERRUPTORES DA LUZ, DO GAS, O TELÉFONO, O TRANSPORTE (como realiza e recibe chamadas, incluídas axudas técnicas como números grandes no teléfono, amplificadores; como a persoa usuaria usa algun vehículo, si vai a sitios onde non pode chegar andando, con tranporte público ou individual)

Independente: fixoo soa. (0,50)	
Axuda: realizado con axuda totalas veces(1,50)	
Dependente: feito por outras persoas (2,50)	

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

Para o acceso ao servizo debe acadarse un mínimo de **5 puntos**, no caso de ser a situación de necesidade a derivada de déficit na autonomía persoal.

SITUACIÓN	PUNTOS
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendela (ata 12 puntos)	
Cunha persoa maior de 70 anos (10 puntos)	
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (12 puntos)	
Cunha persoa que carece de tempo, con ausencia de 10 horas/día ou con atención inferior a 6 horas/semana (12 puntos)	
Con incapacidade para organizarse (10 puntos)	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive só/a pero hai familiares con posibilidades de atendelos no mesmo concello a menos de 20 km (5 puntos)	
Está ben atendido (0 puntos)	
TOTAL PUNTOS APOIO SOCIAL	

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo 20 puntos).

Non existe puntuación de acceso, só se ten en conta para a orde de preferente no caso de listado de reserva.

3.1. CONFLICTO (Máximo total 4 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Con membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)	
Con membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)	
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)	

3.2. LIMITACIÓNS DE ROL (Máximo total 2 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Familias en que ambos progenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención os menores (2 puntos)	

3.3. MONOPARENTALIDADE (Máximo total 2 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)	

3.4.HABILIDADES PARENTAIS (Máximo total 2 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)	

3.5.NÚMERO DE MENORES (Máximo total 10 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Un menor (3 puntos)	
Dous menores (5 puntos)	
Tres menores (7 puntos)	
Catro ou máis menores (10 puntos)	

TOTAL PUNTOS SITUACIÓN FAMILIAR / SOCIALIZACIÓN MENORES	
----------------------------------------------------------------	--

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (maximo total 33 puntos)

Non existe puntuación de acceso, só se ten en conta para a orde de preferente no caso de listado de reserva.

4.1. VIVENDA (total 11 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Non hai luz eléctrica (1 punto)	
Non hai auga corrente (1 punto)	
Non posúe WC (1 punto)	
Non posúe cuarto de baño compreto (1 punto)	
Non ten neveira (1 punto)	
Non ten quentador (1 punto)	
Non ten lavadora (1 punto)	
Non reúne condicións mínimas de higiene / habitabilidade (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)	
Aillada do núcleo de poboación inmediato (mais de 1 km) ou ubicada en núcleo aillado do resto (mais de 5 km) (1 punto)	

4.2. INTEGRACIÓN NO CONTORNO (total 10 puntos)

SITUACIÓN	PUNTOS
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

4.3. CAPACIDADE ECONOMICA (ata 12 puntos)

INGRESOS EN RELACIÓN Ó IPREM	COPAGAMENTO	PUNTUACIÓN
Ata o 100% IPREM	0%	12 puntos
Do 101% a 200%	10%	10 puntos
Do 201% a 250%	15%	8 puntos
Do 251% a 300%	20%	6 puntos
Do 301% a 350%	25%	4 puntos
Do 351% a 400%	30%	3 puntos
Do 401% a 450%	35%	2 puntos
Do 451% a 500%	50%	1 punto
Do 501% a mais	65%	0 puntos

TOTAL PUNTOS OUTROS ASPECTOS SOCIAIS	
---------------------------------------------	--

TOTAL XERAL	
--------------------	--

**ANEXO II
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente.

Expediente ¹	Intervención n ^{o2}	Data de solicitude	Data de inicio

Sector de referencia ³	Ámbito de atención ³	Nº total de usuarios

Nome e apelidos	Data de ncto.	DNI	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do Proxecto	Data fin de Proxecto

ANTECEDENTES RELEVANTES:

2. Atención que se prestará.

Días da semana

L	M	M	X	V	S	D		H.S *		HORARIO

H.S = Horas semanais

Tipo de servizo a prestar 4

Perfil dos/as profesionais

Outros servizos:

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Nº de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados a domicilio.

Existencia:

Servizos/apoios:

Número de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se proponen.

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas que se realizarán:

5. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual).

Técnico responsable:

Asinado:



CONCELLO DE ARTEIXO

SERVIZOS SOCIAIS

RELGA N.º 2000/141

Rúa Ría de Noia, 2
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 64 08 36

Fax: 981 60 12 21

Email: servizos.sociais@arteixo.dicoruna.es

ANEXO III SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR ACORDO DE SERVIZO

Reunido en.....o día,.....,
Dunha parte don/dona.....con dni.....
E doutra....., en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar de CONCELLO DE ARTEIXO.

ACORDAN

1. Que o CONCELLO DE ARTEIXO, como titular/e a entidade prestadora.....,....., prestara o servizo de axuda no fogar (SAF), a persoa arriba citada dende o día que se sinale NO PLAN DE COIDADOS asinado para o caso, e non mais tarde dos CINCO (5) días dende a súa resolución.
2. Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará por un prazo de, con posibilidade de prórroga segundo a valoración técnica do departamento de servizos sociais/ da entidade prestadora acreditada.
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana e no horario SINALADO NO PLAN DE COIDADADO, ASINADO PARA O CASO, E ATENDENDO A DISPOÑIBILIDADE DO SERVIZO, POR UN TOTAL DE **HORAS NA SEMANA**, SIN SUPERAR AS**HORAS NO MES**.
4. Que segundo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o Servizo de Axuda no fogar, a Ordenanza Fiscal municipal que regula **o prezo público do SAF**, e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a aportar.....euros por hora prestada como contribución ao custe do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da cota do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo do proxecto de intervención establecido para o caso, **as atencións que se fixan inicialmente** para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:



CONCELLO DE ARTEIXO

SERVIZOS SOCIAIS

RELGA N.º 2000/141

Rúa Ría de Noia, 2
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 64 08 36

Fax: 981 60 12 21

Email: servizos.sociais@arteixo.dicoruna.es

A. Atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:	
Asistencia para levantarse e deitarse	
Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse	
Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse	
Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos, (sempre e cando non supoña coñecementos dun especialista)	
Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal	
Apoio a persoas afectadas por incontinencia	
B Atención de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:	
Acompañamento fora do fogar para acudir a consultas ou tratamentos	
Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.	
C. Atención de necesidades de carácter doméstico e da vivenda. Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio :	
Limpeza e mantemento básico da hixiene e salubridade da vivenda: a limpeza do domicilio só contemplará a limpeza do diario para mantemento da vivenda de uso persoal, como limpalo po, pasala vasoira, fregalo chan, e facer a cama	
Compra de alimentos e outros produtos de uso común	
Preparación de alimentos	
Lavado e coidado das prendas de vestir	
Coidados básicos da vivenda: cambio de bombillas, de pilas.. (sempre e cando non supoña coñecementos dun especialista)	
Outros	
D. Atencións de carácter psicosocial e educativo, tales como:	
Cambios de hábito de orde e limpeza	
Organización e administración do orzamento familiar	
Organización doméstica	
Motivación á participación en actividades sociais	
Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar, a proposta do programa básico municipal de referencia.	
Axuda para a relación co entorno	
Outros	

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán a sinaladas no PLAN DE COIDADOS asinado para o seu caso.

8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as tarefas no recollidas NO PLAN DE COIDADOS asinado para o seu caso.

9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo (prezo, tipo atención, e horas de atención), deberán ser recollidas nun DOCUMENTO NOVO ASINADO pola persoa usuaria titular e a persoa responsable do SAF do concello de Arteixo/ e da empresa prestataria, sendo ANEXADAS ao acordo ORIXINAL.



CONCELLO DE ARTEIXO

SERVIZOS SOCIAIS

RELGA N.º 2000/141

Rúa Ría de Noia, 2
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 64 08 36

Fax: 981 60 12 21

Email: servizos.sociais@arteixo.dicoruna.es

10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde de 22 de xaneiro de 2009 que regula o Servizo de Axuda no Fogar e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria titular, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan,

En..... a.....de.....de 20...

A persoa usuaria titular

A persoa técnica responsable
do Concello Arteixo.

A persoa técnica responsable
da empresa prestataria.

.....

.....

.....

Vº e praxe

Asdo.: Pilar López Vázquez
Técnica de Planificación de SS.SS

Asdo.: Isabel Rego Crstobal
Traballadora Social de SS.SS

Asdo.: Lourdes Loureiro Naya
Concelleira de SS.SS

En Arteixo, a 23 de novembro de 2009.

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS
ALCALDESA-PRESIDENTA